

OBXECTIVOS:

O curso pretende ser unha introdución, con coñecementos actualizados, aos trastornos do desenvolvemento intelectual e as estratexias de intervención en persoas adultas. As persoas asistentes adquirirán coñecementos prácticos sobre o desenvolvemento, adaptación e validación de probas neuropsicolóxicas aplicadas a esta poboación, a avaliación neuropsicolóxica específica e unha introdución sobre os programas de intervención.

METODOLOXÍA:

Ten unha orientación fundamentalmente aplicada, polo que tras unha adecuada introdución teórica actualizada farase énfase nos aspectos prácticos, con exposición de casos. Incentivarase o debate tanto dos aspectos conceptuais como dos casos clínicos expostos. Curso dirixido preferentemente a profesionais con experiencia previa en Neuropsicoloxía. Empregaranse especificamente: Exercicios prácticos. Dinámicas grupais. Contacto directo cos instrumentos de avaliación. Corrección de probas administradas a persoas con TDI. Gravacións de usuarios con TDI en proceso de avaliación (suxeito a segredo profesional e confidencialidade).

DOCENTE:

Susanna Esteba-Castillo. Neuropsicóloga do SESM-DI (Servicio Especializado en Salud Mental y Discapacidad Intelectual) do Parc Hospitalari Martí i Julià de Girona. O seu labor asistencial desenvolveuse fundamentalmente no campo da psixoeriatría e a discapacidade intelectual.

Máster en Formación Profesional en Neuropsicoloxía pola Universitat Autònoma de Barcelona (UAB) onde tamén obtivo o título de doutora. Tese doutoral "Neuropsicoloxía dotrastorno do desenvolvemento intelectual con e sen orixe xenético".

Relatora en numerosas charlas, coloquios, presentacións, congresos e cursos especializados en fenotipos conductuais, perfís cognitivos e alteracións conductuais en persoas con TDI.

Liñas de investigación orientadas especialmente á creación, adaptación e validación de instrumentos de valoración cognitiva e tamén a programas de intervención cognitiva en adultos con TDI e trastornos conductuais e/ou problemas de saúde mental.



CURSO

INTRODUCCIÓN Á AVALIACIÓN E INTERVENCIÓN NEUROPSICOLÓXICA EN PERSOAS ADULTAS CON TRASTORNO DO DESENVOLVEMENTO INTELECTUAL

En trámite as solicitudes de acreditación como actividade de formación continuada do *Sistema Nacional de Salud*

Docente:
Susanna Esteba Castillo

Organiza:
**Sección de Psicoloxía e Saúde do
Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
e Sociedade Galega de Neuropsicoloxía**

Coordinadoras:
**M^a del Carmen Antón San Luís
Vanessa Vilas Riotorto**

Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049 / Fax: 981 534 983
copgalicia@copgalicia.gal
www.copgalicia.gal

- **DURACIÓN:**
12 horas.
- **DATAS:**
1 e 2 de decembro de 2017.
- **LUGAR:**
Salón de actos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.
- **Nº DE PRAZAS:**
30.
- **HORARIO:**
Venres, 1 de decembro de 17.00 a 21.00 horas;
Sábado, 2 de decembro de 10.00 a 14.00 horas e de 16.00 a 20.00 horas.
- **PREZOS:**

Psicólogas/as colexiados/as:	70,00 €
Psicólogos/as colexiados/as socios/as da Sección de Psicoloxía e Saúde e/ou membros da Sociedade Galega de Neuropsicoloxía	56,00 €
Psicólogos/as colexiados/as demandantes de emprego e estudantes de 4º de Grao de Psicoloxía:	35,00 €
Psicólogos/as non colexiados/as:	140,00 €

■ **INSCRICIÓN:**
Directamente na sede do Colexio ou ben remitindo copia do boletín de inscrición xunto co xustificante de ter realizado transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, conta corrente IBAN nº ES64 2080 0316 2330 4000 8164 de Abanca. Na admisión respectarase rigorosamente a orde de entrada, para o que se terá en conta tanto a data de rexistro de entrada das solicitudes enviadas por correo ordinario, fax, correo electrónico ou entregadas persoalmente na sede do Colexio no momento de recibilas, como a data de certificación de Correos no momento de envialas cando se empregue ese medio.

O curso terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia as psicólogas e psicólogos colexiados, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarse por e-mail a admisión ou non admisión.

Ao finalizar a actividade entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% das sesións.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. Para as tarifas de demandante de emprego, axuntarase **informe de situación administrativa actual ou informe demandante de emprego**, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual e a **tarxeta de demandante de emprego**.

Os e as estudantes de 4º de Grao de Psicoloxía terán que presentar copia da matrícula. As psicólogas e psicólogos non colexiados deberán presentar o título de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía.

Último día de inscrición: **21 de novembro 2017.**

PROGRAMA:

Venres, 1 de decembro

De 17:00 h. a 17:45 h.

BLOQUE I. Conceptos básicos a ter en conta na avaliación de persoas con Trastorno do Desenvolvemento Intelectual.

De 17:45 h. a 19:30 h.

BLOQUE II. Avaliación neuropsicolóxica en persoas con Trastorno do Desenvolvemento Intelectual (Introdución).
- Métodos básicos en neuropsicoloxía clínica: Aproximación modular vs. aproximación clínica. Que é o que vale e o que non do que coñecemos.
- Enfermidade mental e TDI e a súa relación cos aspectos cognitivos.

De 19:30 h. a 21:00 h.

BLOQUE III. Avaliación neuropsicolóxica en persoas con Trastorno do Desenvolvemento Intelectual (Parte I).
Principais áreas cognitivas, correlación neuroanatómica e avaliación neurocognitiva en función do nivel de Discapacidade Intelectual (DI).
- Sistemas atencionais.
- Linguaxe.

Sábado, 2 de decembro

De 10:00 h. a 14:00 h.

BLOQUE I. Avaliación neuropsicolóxica en persoas con Trastorno do Desenvolvemento Intelectual (Parte II).
Principais áreas cognitivas, correlación neuroanatómica e avaliación neurocognitiva en función do nivel de Discapacidade Intelectual (DI).
- Memoria.
- Funcións executivas.
- Gnosias.
- Visuo-percepción e visuo-construcción.
- Praxias.
- Perfis neuropsicolóxicos asociados aos principais fenotipos.

De 16:00 h. a 18:00 h.

BLOQUE II. Avaliación neuropsicolóxica en persoas con Trastorno do Desenvolvemento Intelectual (Parte III).
- Neuropsicoloxía do trastorno neurocognitivo menor e do trastorno neurocognitivo maior en persoas con TDI.
- Principais escalas para a avaliación do deterioro cognitivo en función do nivel de Discapacidade Intelectual.
- Escalas para a valoración do deterioro funcional.

De 18:20 h. a 20:00 h.

BLOQUE III. Introdución á intervención neuropsicolóxica (en función do nivel de DI e perfil cognitivo, fenotipo e enfermidade mental).

BOLETÍN DE INSCRICIÓN CURSO INTRODUCCIÓN Á AVALIACIÓN E INTERVENCIÓN NEUROPSICOLÓXICA EN PERSOAS ADULTAS CON TRASTORNO DO DESENVOLVEMENTO INTELECTUAL

NOME E APELIDOS

TFNO. E-MAIL

Nº DE COLEXIADO/A

ENDERZO

CIDADE E C.P.

PROFESIÓN

DNI/NIF

EXPERIENCIA EN TRABALLO CON PERSOAS CON DISCAPACIDADE

CENTRO DE TRABALLO

Socio/a da Sección de Psicoloxía e Saúde

Membro da Sociedade Galega de Neuropsicoloxía

XÚNTESE A ESTE BOLETÍN COPIA DA TRANSFERENCIA Á CONTA CORRENTE IBAN Nº ES64-2080-0316-2330-4000-8164 DE ABANCA

De acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, informámosche de que no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia existe un ficheiro co nome de "Actividades e servizos para os/as colexiados/as" no que se inclúiran os seus datos profesionais e persoais unha vez inscrito/a no curso. A finalidade do mesmo é a xestión e tramitación das actividades e servizos que o Colexio che presta. A súa utilización e destino é exclusivamente colexial e para organismos aíns a este Colexio.

Non autorizo ao COPG a facer uso das fotografías, xa sexan individuais ou en grupo, nas que apareza a miña imaxe, realizadas nas distintas actividades nas que participe, para ser publicadas na páxina web do Colexio, prensa, exposicións, revistas ou demais publicacións que realice o Colexio.

No caso de non aceptar o uso descrito máica o cadro.

Poderás exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición mediante comunicación, ou para revocar o teu consentimento, dirixíndose ás nosas dependencias na Rúa Espiñeira, 10-Baiko, 15706 Santiago de Compostela, ou ben enviando un correo electrónico a coppgalicia@copgalicia.gal.